



DATAS: Do 3 ao 31 de xullo (40 horas)

HORARIO: De 10:00 a 12:00 de luns a venres.

PREZO DA MATRÍCULA:
155 € (150 € socios)

DATAS DA MATRÍCULA: Do 12 ao 23 de xuño na secretaría da EOI

FOLLA DE INSCRIPCIÓN: Dispoñíbel na nosa páxina web e na secretaría da EOI.

FORMA DE PAGAMENTO: Ingreso nun caixeiro automático de *La Caixa* ou transferencia bancaria á conta nº **2100.5875.89.0200009280** de *La Caixa*.

CERTIFICADO: Todos os alumnos que asistan polo menos a un 75% das actividades recibirán un certificado de asistencia no que constarán as horas do curso (40) e o nivel realizado.

IDADE: A partir de 14 anos

Os cursos impartiranse sempre que haxa un número mínimo de matriculados. No caso de anulación dun curso, daráselle ao alumno a opción de cambiar a outro curso ou idioma ou **DEVOLVERÁSELLE** o importe da matrícula. Non se devolverá este importe en ningún outro caso.



ASOCIACIÓN DE ALUMNOS
E ANTIGOS ALUMNOS
ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ulpiano Villanueva, 1-2

15705 Santiago de Compostela

Teléfono: (981) 55 47 10 Fax: (981) 55 48 75

<http://www.eoisantiago.org>

eoi.santiago@edu.xunta.es

asalumnado@eoisantiago.org

ALEMÁN

Elemental: dirixido a todas aquelas persoas que desexen iniciarse no estudo da lingua alemá dende unha aproximación lúdica. Os obxectivos son desenvolverse, oralmente e por escrito, en situacións cotiás de ámbito xeral en países de fala alemá e manexar os principios básicos de funcionamento do idioma. O enfoque será eminentemente práctico a través dunha perspectiva comunicativo-funcional. Empregarase unha metodoloxía de traballo interactiva, presentando gran variedade de materiais didácticos que permitan achegarse á súa vez aos aspectos socioculturais dos países xermánicos."

FRANCÉS

Elemental: proporcionará ao alumnado as bases da lingua francesa privilexiando como obxectivos concretos a fonética e a comunicación.

Intermedio: dirixido a alumnado que teña xa un nivel básico de francés para tratar de asentar as súas bases lingüísticas privilexiando a expresión e a comprensión oral.

ESPAÑOL PARA ESTRANXEIROS

Elemental: proporcionará ao alumnado coñecementos básicos de lingua española. Abordando a expresión e comprensión oral e escrita de xeito simple e básico en situacións da vida cotiá.

Intermedio: proporcionará ao alumnado unha ampliación dos seus coñecementos previos de lingua española, con especial énfase no coñecemento de Galicia.

GALEGO

Elemental: dirixido a alumnado non galego (estranxeiros ou persoas de fóra de Galicia) que desexen adquirir coñecementos básicos da lingua galega. Trataranse cuestións elementais de expresión e comprensión oral e escrita de uso cotián.

Intermedio: dirixido a persoas que queiran preparar o acceso a 2º ou a 3º curso da EOI a través da proba de nivel que se realizará en setembro. Os que desexen inscribirse deben ter o curso de Perfeccionamento de Política Lingüística ou 4º de ESO, BUP ou equivalente superado.

INGLÉS

Elemental: Dirixido a alumnos que tiveron algún contacto co idioma pero con coñecementos moi rudimentarios da lingua inglesa e que por distintas causas, abandono do curso, dificultades de aprendizaxe, etc., desexen comezar a partir de cero.

Intermedio: Dirixido a alumnos cunha experiencia de aprendizaxe de inglés de dous ou tres anos. Se o número de alumnos matriculados o permite, formaranse grupos homoxéneos en canto ao seu nivel. O curso incluírá contidos gramaticais (tempos verbais, verbos modais, voz pasiva, estilo indirecto, etc.) sempre cun enfoque comunicativo. As actividades serán prácticas e abrangerán as catro destrezas: comprensión e produción oral e escrita.

Avanzado: Dirixido a alumnado que posúa un bo dominio do idioma e desexe acadar unha maior flexibilidade na comprensión e na expresión. Trátase de ampliar e

insistir no estudo das características gramaticais e na interacción comunicativa da lingua, co fin de que o alumno consiga unha maior capacidade de comunicación

O inglés na ficción de misterio: Destinado a alumnado interesado no tema e cun dominio do idioma medio-alto ou avanzado. O curso ofrece un contido cultural, no que respecta ao percorrido histórico pola literatura e cinematografía de misterio anglosaxoa. O contido lingüístico irá sempre paralelo á análise de textos e filmes seleccionados. A aprendizaxe ou o repaso de moitos aspectos da lingua inglesa é obrigado á hora de prestar atención a unha disciplina artística estranxeira e en versión orixinal.

Debates, xogos de rol, traballos en grupo ou en parellas, visionado de películas, escoitas e lectura de misterio de diferentes épocas... Estes son algúns exemplos das actividades que se poderán levar a cabo neste curso, no que nomes como Agatha Christie, Arthur Conan Doyle, G. K. Chesterton, Alistair Maclean ou Dashiell Hammett serán os protagonistas.

ITALIANO

Elemental: Dirixido ao alumnado que desexe adquirir coñecementos básicos da lingua italiana. O obxectivo é tratar cuestións elementais de expresión e comprensión oral e escrita, proporcionando uns rudimentos básicos de tipo fonético, gramatical e léxico. Farase fincapé nas habilidades orais para desenvolver situacións básicas da vida cotiá.

PORTUGUÉS

Elemental: dirixido a alumnado con algún ou ningún coñecemento de portugués. O obxectivo é proporcionar uns rudimentos básicos de tipo fonético, gramatical e léxico sobre o funcionamento da lingua, dotándoos da capacidade para manter comunicacións simples e básicas en situacións habituais do día a día. Desenvolveremos tamén a capacidade de comprensión en textos orais e escritos. O contido dos temas corresponderase a situacións reais e actuais.

RUSO

Elemental: curso intensivo dirixido aos principiantes, ou sexa a alumnos sen coñecemento ningún do idioma ou con coñecementos moi básicos. Os estudantes aprenderán a desenvolverse en ruso nas situacións comunicativas máis frecuentes da vida cotiá, familiarizaranse co alfabeto e a grafía e obterán nocións rudimentarias da gramática e da fonética.

XAPONÉS

Elemental: Iniciación á lingua xaponesa cun enfoque especial á oralidade. Proporcionarase rudimentos de gramática e vocabulario que permitan construír e entender oracións sinxelas. Utilizarase o sistema de escritura con caracteres latinos (*rōmaji*), para, tras un primeiro contacto, ir introducindo o estudante no uso e lectura do *hiragana*, o máis básico dos dous silabarios dos que consta o idioma. O curso proporcionaríaa ao alumno os instrumentos lingüísticos necesarios para ler, escribir, comprender e producir enunciados simples que lle permitan manexarse en situacións concretas da vida cotiá.